

CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL DOCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do vinte e sete de xuño de dous mil doce, reúnese en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro Don Benigno Galego Castro, , Don Cándido Eusebio Prieto Lago, Don Roberto Oscar López López, . baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Non asistiu Don Álvaro Rodríguez Graña. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE 2012. - Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2011 .Leida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Unha vez tramitado o expediente da Conta Xeral de 2011 , informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do día vinte e sete de abril de 2012 e e rematado o prazo de exposición ó público iniciado coa publicación do anuncio no BOP do día dez de maio de 2012 ,e considerando aplicable a seguinte lexislación : 1.- Artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais , cómpre someter ó pleno a seguinte proposta: **Primeiro.-** Aproba-la Conta Xeral de 2011 que figura na documentación do expediente e que comprende o Balance , conta de resultado económico patrimonial , estado de liquidación presupostaria e memoria así como anexos da conta , as actas de arqueo das existencia en caixa e certificacións das entidades bancarias . **Segundo.-** Remitirlle un exemplar da Conta Xeral ó Consello de Contas de Galicia. **Os membros do Pleno asistentes , prestaron aprobación a proposta anterior por unanimidade dos presentes**

3.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA SOLICITAR O MANTEMENTO PARA O VINDEIRO CURSO ACADEMICO O CADRO DE PROFESORES EXISTENTES NO CEIP A BARQUEIRA . Leida a moción que se transcribe a continuación. O Grupo Socialista no Concello de Cerdido , en base a Lei de Bases de Réxime Local e aso artigos 91,4 e 97,3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poda ser de aplicación , presenta unha moción coa seguinte exposición de motivos . A plantilla do profesorado do CEIP A Barqueira vai sufrir un drástico recorte no seu numero de profesores/as o que orixinará un agrupamento do alumnado pouco racional , pois xuntará na mesma aula a alumnos/as de ata tres niveis diferentes . Todo isto nun momento no que os servizos básicos dos cidadáns están a ser seriamente cuestionados , nun momento no que os concellos do rural precisan fixar poboación para non desaparecer ; de aí que pareza obvio que o mantemento dos servizos educativos debe ser o primeiro paso par lograr este obxectivo . Por iso o Grupo do Psd- PSOE no



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

concello de Cerdido , diante do Pleno da Corporación Municipal presenta , para que sexa aprobada a seguinte moción : O Pleno do Concello , remitirá un escrito a Delegada Territorial da Xunta de Galicia , o Xefe Territorial de Educación e o Conselleiro de Educación para que deixen sen efecto a proposta trasladada pola Inspección Educativa o CEIP de A Barqueira e manteña para o vindeiro curso académico o cadro de profesorado existente no actual en aras a unha maior calidade do ensino e ao mantemento dos servizos básicos educativos para os cidadáns de Cerdido . En Cerdido a 13 de maio de 2012. Asdo. Cándido Prieto Lago . **Os membros do Pleno asistentes , prestaron aprobación a proposta anterior por unanimidade dos presentes**

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago expón que no colexio quedan catro profesores especialistas e vaise realizar un agrupamento pouco racional dado que os nenos de infantil van ir todos xuntos , os de primeiro ,segundo e terceiro , tamén e os de cuarto , quinto e sexto estarán xuntos nunha aula . Engade que con estas medidas vaise a producir un agravio comparativo entre os nenos do medio rural e outros cativos e expón que pese a ter fama de ter un bo nivel os alumnos de Cerdido , dende o agrupamento o nivel foi baixando .

A Alcaldesa engade que na moción non pon nada de que a redución de profesorado é por non cubrir dúas vacantes que se van a producir por dúas xubilacións de profesores , se isto non se producira seguiríase como este ano , engade que esta de acordo que é mellor un reagrupamento en dous niveis , pero hai que razoar un pouco e no colexio hai moi poucos nenos polo que o profesor pode atendelos ben o que non debe repercutir no nivel educativos dos nenos . Engade que esta de acordo que se manteña o número de profesores e se ven outro, mellor dado que estou moi interesada en que o colexio siga funcionando .

O Concelleiro Cándido Prieto Lago ,pregunta a Alcaldesa cal foi o contido da reunión que tivo coa Delegada e entende que a sanidade e a educación non se deben rexer por criterios de rendibilidade económico , así mesmo manifesta que con estas medidas estase a invitar aos pais a levar a outro colexio do entorno os seus nenos , perdéndose pouco a pouco calidade de vida no rural .

O Concelleiro D. Roberto O. López López toma a palabra para afirmar que e ben certo que hai poucos nenos no colexio e entende que ter unha aula única de infantil non conleva unha redución na calidade da ensinanza senón que supón aplicar un sistema de aprendizaxe diferente . Pero o importante é que isto pode conlevar que nos próximos cursos poderíase reducir mais ata chegar o peche do colexio .

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro , pregunta a alcaldesa que no suposto que no vindeiro curso se xubilase outro profesor , tampouco cubrirían a praza ?

A Alcaldesa afirma que este tema preocúpalle moito , e que o vindeiro día tres de xullo vai vir a Delegada o concello .

Control e fiscalización dos órganos da Corporación .




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

4.-DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA . A Secretaria deu lectura a seguinte relación :

Nº	Data	Descrición
Abril 2012		
60	19/04/2012	Convocatoria de pleno
61	23/04/2012	Listado de gañadores/as do XII Concurso de Contos de Cerdido 2012
62	25/04/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira a particular
63	27/04/2012	Autorización de uso do Castro a Arumes do Castro para Certame de corais
64	27/04/2012	Aprobación de facturas de nº 147 a nº 164
Maiο 2012		
65	03/05/2012	Autorización da celebración de baile e verbena en Os Casás o 5 e 6 de maio
66	03/05/2012	Aprobación de expediente de contratación e proxecto técnico da obra Camiño en Carracedo “Pita Graña a Fercoi” e outros e apertura do procedemento
67	04/05/2012	Concesión de licencia de obra e aprobación de taxas da obra Reparación exterior das fachadas de vivendas de promoción pública en Felgosas
68	07/05/2012	Acordo de arquivar a denuncia presentada polo Seprona contra veciño dos Casás por vehículo abandonado
69	09/05/2012	Acordo de colaboración coa Cooperativa A Barqueira SCG co uso dun local de Avispeira o 17 de maio
70	10/05/2012	Acordo de colaboración co grupo de teatro Cáritas Parroquial de Cariño co uso dun local do Castro o 13 de maio
71	10/05/2012	Aprobación da licencia de obra de segregación de parcelas en Lamigueiro Novo e aprobación provisional da liquidación de taxas
72	10/05/2012	Aprobación da licencia de obra de construción dun garaxe en Domende e aprobación provisional da liquidación de taxas
73	10/05/2012	Aprobación da licencia de obra para construción de vivenda unifamiliar en Felgosas e aprobación provisional da liquidación de taxas
74	11/05/2012	Aprobación de devolución de garantía presentada pola obra “Aparcamento con central solar fotovoltaica”
75	14/05/2012	Aprobación das bases para a creación dunha bolsa de contratación de socorrista acuático-monitor de natación
76	15/05/2012	Autorización de uso dun local do Castro a particular
77	15/05/2012	Alta no padrón municipal de habitantes
78	16/05/2012	Acordo de autorización de uso dun piso municipal a unha veciña como vivenda de emerxencia social
79	23/05/2012	Aprobación do calendario de vacacións do persoal municipal
80	24/05/2012	Aprobación de facturas de nº 166 a nº 203
81	29/05/2012	Aceptación da renuncia a solicitude de licencia de obra para renovar un tellado en Casavella
82	29/05/2012	Aceptación da renuncia a solicitude de licencia de obra para bodega en Mestas
83	30/05/2012	Aceptación da renuncia a solicitude de licencia de apertura de legalización de actividade de tenda de ultramarinos en Domende



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)


C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

84	30/05/2012	Acordo de solicitude de axuda para financiar a obra de construción dunha oficina no campo de fútbol
85	30/05/2012	Acordo de declarar por desistida a solicitude de licencia para parque de recepción de madeiras no Carballeiro
86	30/05/2012	Aprobación da lista de admitidos e excluídos para participar no proceso de contratación de socorrista – monitor acuático e nomeamento do tribunal
87	31/05/2012	Aprobación da cancelación e devolución de aval presentada por Miguel Dopico Ferreira por alugueiro do piso dos Casás
Xuño 2012		
88	01/06/2012	Aprobación do expediente de modificación de créditos 03/2012
89	04/06/2012	Acordo de solicitude á Consellería de Traballo e Benestar transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal
90	04/06/2012	Autorización da licencia de ocupación de dominio público para paso dunha tubería en Riba de Riba
91	05/06/2012	Acordo de solicitude ó fondo de compensación ambiental gastos de funcionamento do programa municipal para evitar vertedoiros incontrolados
92	06/06/2012	Autorización da celebración de baile e verbena na Barqueira o 8, 9 e 10 de xuño
93	06/06/2012	Autorización para pechar unha estrada ó tráfico rodado en Porto do 8 ó 11 de xuño
94	06/06/2012	Aceptación da alegación presentada á lista de non admitidos para a contratación de socorrista monitor acuático e aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos
95	11/06/2012	Iniciar expediente de contratación de obra de Camiño Panceira a Cabanas e outros incluído no POS 2012
96	11/06/2012	Iniciar expediente de contratación de obra de Camiño Cruz dos Novás–A Pena–Casavide–Estrada Xeral (Cerdido) e outros incluído no POS 2012
97	11/06/2012	Alta no padrón municipal de habitantes
98	12/06/2012	Acordo adxudicación do contrato de obra Camiño Carracedo (Pita Graña a Fercoi) a Villasuso Ortegá, formalización de contrato e notificacións
99	13/06/2012	Iniciar expediente de contratación de obra de Saneamento Calmourel a Rego da Madeira incluído no PCC
100	15/06/2012	Alta no padrón municipal de habitantes
101	19/06/2012	Acordo da devolución das garantías prestadas polo expediente de contratación de subministración dun camión do lixo
102	19/06/2012	Acordo de actualización da renda do contrato de alugueiro do 1º piso de Felgosas
103	19/06/2012	Convocatoria de pleno ordinario

O Concelleiro D. Roberto O. López López solicita aclarar o contido do decreto nº 87 e solicita que se lle de preferencia as vivendas de Os Casas como vivendas de emerxencia social . A Alcaldesa infórmalle que o alugueiro da vivenda de Os Casas solicitou a rescisión do contrato e haille que devolver a fianza .

O Concelleiro Cándido Prieto Lago solicita aclarar o contido dos seguintes decretos :

Nº 78 .- por que suposto se lle adxudicou a vivenda ? . A Alcaldesa afirma que o suposto aludido por dificultades de convivencia. O Concelleiro D. Benigno Galego



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Castro solicita ver o informe social o en todo caso realizar unha reunión co Traballador Social para que se lle informe do suposto . A Alcaldesa afirma que se vai a consultar se é posible legalmente dado que son datos protexidos .

Nº 94 . porque se admitiu a alegación da socorrista ,a Alcaldesa afirma que lle faltaba un papel e que no prazo de emenda o presentou .

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro solicita aclarar o contido dos seguintes decretos :

Nº 84 .- onde se vai a facer a oficina e que tipo de subvención é ? A Alcaldesa afirma que a oficina vaise facer xunto a cantina e que se solicitou o 100% do investimento que será en torno a 12.000 € , sendo necesario que o concello aporte o IVE , o programa o que se solicitou foi o AGADER .

Nº 85 . , A Alcaldesa afirma que a empresa que estaba no Carballeiro foise .

Nº 86 ,entende que se debe primeiro elixir o tribunal e que este sexa que siga quen esta admitido ou non . A Alcaldesa afirma que tribunal é que valora os méritos


Nº 98 , Non se nos informou da adxudicación dos contratos e pregunta a cantas empresas se solicitou ofertas e canta baixa houbo e solicita ver o expediente. A Alcaldesa afirma que se consultou con tres empresas e que case non houbo baixo foi case o tipo .

Nº 83 . Renuncia a licencia , a alcaldesa afirma que agora hai outro procedemento para dar as licencias

5.- MOCIONS DE URXENCIA

5.1 . O Concelleiro D. Roberto O. López López presenta unha moción sobre sistema financeiro galego (banca pública galega, referendo sobre o rescate, solución das preferentes, atención ao público e mantemento do emprego en novagalicia banco e comisións de investigación) . fundamentado a súa presentación por urxencia por ser un tema de actualidade e porque proximamente vai a ser aprobada . **Os membros do Pleno , por unanimidade dos presentes , aprobaron a incorporación da moción a orde do día** . A Secretaria deu lectura a moción presentada que se transcribe a continuación:


O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario -a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente -as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribes consecuencias para as maiorías sociais. O rescate financeiro previsto é unha decisión trascendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.O rescate é duplamente negativo



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país. Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos. Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública. O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural. A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza. Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal. Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos. Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.4. Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados. Cerdido, 20 de xuño de 2012.Asdo. Roberto Ó. López e López.. **Os membros do Pleno por unanimidade dos presentes , aprobaron a moción anterior coas emendas presentadas pola alcaldía quedando redactado os puntos do acordo do seguinte xeito:**

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.2.. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado España e da Comisión Europea da Competencia , unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que teña en conta a existencia de malas prácticas e comercialización indebida polas entidades financeiras que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.3. Demandar da Xunta de Galiza que vele para que NGB garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.4. Unha vez rematado o proceso de recapitalización ,demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.5. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados

O Concelleiro D. Roberto O . López López explica que pese que as caixas tiñan unha xestión viciada foron unha boa ferramenta para a cidadanía , o proceso de fusión non foi acertado e hoxe en día estase a ver coas actuacións que realiza a Fiscalía . O resultado de todo isto é que neste proceso a caixa deixe de ser galega e sea absorbida por entidade mais grande , quedando o os galegos sen un instrumento para o desenvolvemento do país , polo que se solicita que NGB sexa pública para podelo manter . Nos puntos do acordo se solicita ademais da creación dunha banca pública a



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

realización dun referendo dadas as restricións económicas e repercusións sociais que vai a conlevar o posible rescate da Unión Europea , a maioría que ten o partido popular no Congreso non xustifican estas medidas , posto que non seu programa electoral non aparezan .En Islandia , realizouse o referendo e forzouse o Goberno a cambiar as súas políticas , a realización dunha banca pública non implicaría mais gastos .

A Alcaldesa afirma que o da banca publica non lle parece ben neste contexto económico no que se quere reducir gastos , e solicita que no acordo se suprima o apartado dous e se modifica o apartado 3 para incluír a Comisión Europea da competencia e engadindo que se teña en conta a existencia de malas prácticas e comercialización indebida polas entidades financeiras , así o acordo do pleno vai en sintonía cun acordo do Parlamento de Galicia que aprobaron todos os grupos , así mesmo solicita que no punto catro non se demande da Xunta senón que se inste a NGB que asegure os postos de traballo e no punto quinto que se inicie poñendo , unha vez rematado o proceso de recapitalización demandar ..

6. ROGOS E PREGUNTAS .

O Concelleiro D. Roberto O. López López fai os seguintes rogos a Alcaldía :

1.- Que se retire un pino morto que hai na recta do Carballeiro dado que pode ocasionar danos importantes .


2.- Que nos procesos de fumigacións que fan as empresas forestais , se solicite a Xunta que comunique o Concello e as fincas implicadas e colindantes as datas das fumigacións para evitar posibles contaminación en explotacións gandeiras e un cultivos de fincas próximas .

3.- Mañá dia vinte e oito é o dia do orgullo gay , polo que seria bo que dende o Concello se realizase un comunicado a prensa no que se constatará o apoio da corporación de Cerdido as persoas gays , lesbianas e transexuais , así mesmo mañá hai convocada unha xornada de folga parcial pola CIG en apoio a situación do sector naval e a perda de traballadores que supón dia a dia, polo que se solicita tamén que se faga un comunicado de apoio a esta xornada e se facilite os traballadores municipais a posibilidade de ir a manifestación que haberá as doce da mañá en Ferrol .

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago presentou unha pregunta por escrito o dia dez de maio de 2012 , que se transcribe deseguido :

1.- que investimentos contempla o Plan de zona rias altas e arco ártabro no noso concello ? Cal é o orzamento comprometido polas distintas Administracións para a execución destes proxectos Cando se iniciará a execución dos mesmos ?

A Alcaldesa afirma que consultou o tema e lle dixeron que os investimentos ían para o Mandeo e non sabe de que investimentos se trata .



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

2.- Solicita saber se hai unha redución nas subvención de fomento de emprego para a contratación de persoal ? A Alcaldesa afirma que o expediente vai moi atrasado e que aínda non lle comunicaron nada

3.-Solicita información sobre si se tramitou o permiso ante Augas de Galicia para unha pista que queren facer os veciños en Os Casás ? A alcaldesa afirma que se xa se envió

4.- Xa funciona a depuradora da Barcia ? A Alcaldesa di que estivo o técnico fai pouco e cambio a posición da reixa e cambiou o movemento dos lodos para mellorar o seu funcionamento .

O Concelleiro D. Benigno Galego Castro realiza as seguintes preguntas a alcaldía :

1.- Reitera as preguntas xa formuladas noutros plenos sobre os locais para os grupos políticos e sobre o informe técnico en relación as obras reclamadas ?
A Alcaldesa afirma que será Estudio Técnico Gallego quen se poña en contacto con el para presentar o informe .

2.- Que previsións existen sobre a realización da nave de Os Casas ? A Alcaldesa afirma que levou un novo modificado do proxecto a Deputación e que espera que o aproben no Pleno proximamente

3.- As vivendas de emerxencia social se lles dotou de mobiliario? A Alcaldesa afirma que a cociña e os electrodomésticos xa os tiña a vivenda e que parte do mobiliario foi dado e por cesión e os familiares da familia acollida tamén colaboraron o Concello fíxose cargo do contrato do Butano .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por remata a sesión sendo as catorce horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de xuño de 2012. Do que eu como Secretaria dou fe :

A Alcaldesa

Asdo. Ana Rodríguez Montero

A Secretaria

Asdo. Paula Díaz Tie